

PROXECTO ACB 2016/2017

Club Ourense Baloncesto S.A.D





ÍNDICE

1. **Estudo socio-económico: Club Ourense Baloncesto** (páx. 2-6)
2. **Memoria de actuación: Club Ourense Baloncesto** (páx. 7-9)
3. **Promoción do baloncesto na provincia: “Un Ourense Redondo”** (páx. 10-13)
4. **Proxecto de canteira: Club Ourense Baloncesto** (páx. 14-17)
5. **Anexos** (páx. 20 en adiante)
 - a. Estudo socio-económico base do proxecto
 - b. Listaxe de accionistas do Club Ourense Baloncesto S.A.D
 - c. Memoria xustificativa da temporada 15-16
 - I. A cidade
 - II. O club
 - III. A afección
 - IV. A publicidade
 - V. Actividades varias 15/16
 - VI. O baloncesto como xeito de vida
 - VII. O Club Ourense Baloncesto como espello social
 - VIII. O Club Ourense Baloncesto como escaparate publicitario





1. Estudo socio-económico: Club Ourense Baloncesto

Unha das principais claves do novo proxecto do Club Ourense Baloncesto na liga ACB recae no estudo socio-económico que a continuación imos presentar, sendo este unha das ferramentas principais que nos invita a pensar na rendibilidade económica e social que un club como o noso pode ter nunha cidade coma Ourense.

Dado que a última presenza de Ourense na ACB data do ano 2001, nunha etapa económica totalmente diferente á actual, para a realización deste tivemos en conta dúas vías de actuación: optar por unha estimación tendo en conta os posibles abonados, visitantes, ingresos ou gastos derivados dun ano na ACB; ou pola contra, optar pola comparativa cun estudo socio-económico realizado sobre o Obradoiro CAB e presentado no pasado ano pola Universidade de Vigo.

Coa fin de minimizar riscos e dadas as similitudes en canto a poboación, porcentaxe de xente activa, orzamentos públicos, situación xeográfica e riqueza, optamos pola segunda opción, **adaptando os datos de Santiago a Ourense e tomándoos como a comparativa máis fiable e real dada a metodoloxía** que observamos levou a cabo a Universidade de Vigo¹.

En concreto, o estudo toma unha mostra de 2.797 persoas enquisadas ó longo de 12 partidos (11 de liga regular e 1 de Playoff), o que permite reducir o erro da mostra a menos dun 2% e elevar os niveis de confianza na mesma ata o 95%.

Como parte do estudo social as conclusións obtidas máis relevantes serían as seguintes:

- **Máis dun 80% dos abonados enquisados son de fóra do núcleo urbano de Santiago de Compostela:** este dato deixa clara unha conclusión importante: moitos dos abonados desprázanse, sobre todo desde outros lugares da propia provincia (83%) pero tamén desde outras provincias (17%), como pode ser o caso de Pontevedra (que non conta con ningún equipo de baloncesto no nivel da elite). Estes abonados de fóra da cidade de Santiago xeran máis de 500.000 € do orzamento anual do club.
- **Cada vez un porcentaxe máis elevado de mulleres acoden ó baloncesto:** case unha de cada tres persoas enquisadas son mulleres. Representan o 28% do público que acode ó estadio, un número non demasiado elevado pero que amosa un crecemento moi grande respecto á asistencia feminina hai non demasiados

¹ Ver Anexo 1 para observar o estudo completo realizado polos doutores Ángel Barajas e Patricio Sánchez, en colaboración con Jesyca Salgado e Xosé Antón Antelo.





anos. A idade media de asistencia é de 38 anos e o 84% das persoas acoden en grupos de 2, 3 ou 4 persoas.

- **O 80% dos enquisados asegura que o desprazamento o realiza para ver o partido:** a actividade principal do desprazamento a Santiago de Compostela é, para 4 de cada 5 persoas, a visualización do espectáculo deportivo. O resto dos gastos que se realizan na cidade (pernoctación, alimentación, ocio, compras) son complementarias á visita do espectáculo.
- **Contando fóra de impacto a todos os residentes en Santiago de Compostela, Obradoiro xera un retorno de máis de 2.6 millóns de € en gasto na cidade:** deste gasto, a maior porcentaxe déixana os espectadores que viaxan ó partido desde outros puntos da provincia coruñesa, sendo os non abonados desta mesma categoría os que máis gastan no día de partido (49,27 € por persoa). Os non abonados que acoden desde outros puntos da Comunidade Autónoma deixan 47,58 € por persoa en Santiago e os non abonados que veñen desde as comarcas pretas a Santiago 44,06 €. Sorprendentemente, dentro dos abonados (non pagan entrada para o espectáculo), é a xente que vén da comarca quen máis gasto deixa na cidade santiaguesa (29,17 € por persoa). A xente que acode cos equipos visitantes desde outros puntos da península deixa, xeralmente por pasar a noite ou noites en Santiago, ata 131,09 € de media por persoa, sendo estas as visitas máis rentables.
- **O retorno en gasto cidadán Santiago por partido é de 145.909,17 €:** isto significa preto de 300.000 € de retorno ó mes, pois o máis habitual é que se disputen dous encontros do equipo neste tempo. Sen dúbida, unha cifra elevada para un espectáculo que ten a peculiaridade de ser, en Santiago e outras cidades, o único que se repite periodicamente no tempo, xerando ata nove meses de retorno de forma consecutiva cada ano.
- **O 50.4% de público que merca entradas vén de fóra da cidade:** representa máis do público que de forma non habitual vai ao estadio Fontes do Sar. Deste público, o 27% provén doutras Comunidades Autónomas, polo que sen dúbida se xera en lugares como Vigo ou Pontevedra (sen ningún equipo de baloncesto na elite) e incluso Lugo (sen equipo en ACB) unha fonte de espectadores e retorno potencial moi importante.
- **Obradoiro ingresa 19.500 € por subvencións públicas e 1.428.541 € por patrocinios (tanto públicos como privados):** dado que Obradoiro é un club sen



participación accionarial das institucións coruñesas, recibe tan só 19.500 € en subvencións. A cambio, inclúe patrocinios de carácter tanto público como privado.



Con todos os datos na ecuación, **o impacto económico total do Obradoiro sobre a cidade de Santiago é de 3.4 millóns de euros, dos cales máis do 66% se xera polo gasto dos asistentes na cidade.** Tendo en conta a similar poboación entre Santiago (95.612 persoas) e Ourense (106.231 persoas²), e a similar capacidade de Fontes do Sar (6.050 espectadores) e Pazo Paco Paz (5.477 espectadores³) podemos tomar estes datos de quen asiste á cidade como fielmente comparables.

O restante 33% do montante do impacto económico, aproximadamente 1.02 millóns de euros (o relativo a ingresos por entradas, abonos, publicidade, subvencións e outros, restando a eles os gastos do club) podería ser máis variable en función sobre todo da partida de patrocinadores, se ben se pode aseverar que este dato continuaría a ser positivo para Ourense, xa que **a día de hoxe se pode asegurar que coas diferentes aportacións previstas está cuberto aproximadamente o 70% do orzamento do Club Ourense Baloncesto para o ano próximo.**

² Fonte: Censo oficial do ano 2015

³ Dato elaborado a partir da información oficial proporcionada por cada instalación



→ Como punto final, o Obradoiro realiza no seu estudo un estudo do retorno da financiación pública. Dado o anormal ingreso que recibe vía subvencións (19.950 €), o retorno é elevadísimo, chegando a concluír que por cada euro invertido polas institucións, o Obradoiro xera 172,53 € para Santiago.

Sen dúbida, o retorno do Club Ourense Baloncesto será netamente inferior a esta cifra xa que as subvencións recibidas serán maiores, se ben hai un dato que asoma a relevancia do contado: **para que as institucións invertan tanto como podería ser o retorno do COB en ACB deberían invertir ata 3.4 millóns de euros.** Todo diñeiro público inferior a esa cantidade provocará de xeito seguro un impacto económico positivo na cidade. Atendendo como exemplo ás subvencións recibidas no ano do ascenso á ACB (aproximadamente 280.000 € na tempada 2014-15), o retorno aproximado do Club Ourense Baloncesto de manterse esta hipotética cantidade sería de 12 veces cada euro invertido.

Como comentamos ata este momento, este estudo parte da suposición de comparar Santiago e Ourense como cidades cun impacto similar como mal preferido a estimar con datos posiblemente moito menos probados. A día de hoxe, este Consello de Administración está en contacto cos doutores da Universidade de Vigo – Campus de Ourense, sendo **vontade nosa a realización dun estudo socio-económico propio de da nosa cidade** ó remate da próxima temporada, a nosa primeira con datos reais en ACB.

Polo momento, os únicos datos reais que podemos aportar como propios en Ourense corresponderían ó estudo social de afluencia que realizamos no pasado Playoff de ascenso de xuño de 2015, onde o Pazo Paco Paz alcanzou **ó longo dos cinco encontros de Playoff disputados alí polo Club Ourense Baloncesto unha media de 5.200 espectadores**, superando a gran parte dos equipos ACB neste aspecto. Previo a iso, a asistencia media da tempada superara con creces os 3.500 espectadores, cun constante *in crescendo* desde inicio ata final de curso. A finalísima contra o Ribeira Sacra Breogán de Lugo encheu en todos os encontros as 5.477 cadeiras do Pazo Paco Paz.

O retorno económico en gasto no club, tan só en abonos e entradas, chegou a alcanzar os 200.000 €, sendo o retorno económico global loxicamente moito maior. A afluencia de espectadores de Lugo favoreceu esta situación, invitando a pensar que se Ourense logra esa afluencia na LEB Oro poderá ser un excelente escaparate e fonte de retorno económico na liga ACB.





CONCLUSIONES

1. A poboación, capacidade do pavillón, realidade económica, demografía e situación xeográfica fan posible unha adecuación do estudo socio-económico de Santiago a Ourense.
2. Este estudo ofrece datos interesantes e positivos no posible retorno económico e social: o 80% dos abonados e o 50% dos que compran entradas son de fóra da cidade. Os visitantes xeran cos seus gastos ingresos de 2.4 millóns de euros na cidade, o que supón aproximadamente 300.000 euros ó mes. O partido, ademais, é para catro de cada cinco persoas o motivo principal da viaxe á capital de Galicia.
3. O impacto económico global do Obradoiro é de 3.4 millóns de euros en Santiago. Establecendo paralelismos nos ingresos por gasto dos visitantes e cun 70% de orzamento cuberto a día de hoxe, Ourense pode optar a igualar e incluso superar esa cifra.





2. Memoria de actuación: Club Ourense Baloncesto

Desde que o pasado 9 de setembro do 2015 a Xunta Directiva do Club Ourense Baloncesto acordou coa liga ACB o ascenso en diferido para a próxima temporada 2016/17, no club traballouse coa fin de **lograr a profesionalización e crecemento da entidade en tantos eidos como hoxe exige a liga ACB**, considerada a mellor liga europea de baloncesto e segunda no mundo só detrás da NBA. Os campos máis relevantes de traballo foron os seguintes:

Consello de Administración

En primeiro lugar, consideramos preciso explicar o novo organigrama e funcionamento do Consello de Administración. Continúan de anos anteriores o presidente, Antonio Gavilanes, o secretario, Camilo Álvarez, así como o vocal José Domarco, rexente do Pazo dos Deportes Paco Paz e representante da Deputación Provincial. Á súa vez, este ano engadíronse Germán Rodríguez-Sáa, responsable actual da área de marketing e comunicación, Julio César Vázquez, responsable da área económica-deportiva, e Bernardino González Vázquez, representante da Deputación Provincial e home importante nas relacións institucionais do club. Todos eles levan traballando os últimos meses coa fin de colocar o Club Ourense Baloncesto onde se merece.

Tamén sen ser un membro do Consello de Administración, colleu este ano un peso especial no club a figura de César Fernández, quen xa ten experiencia na ACB e será nesta nova etapa unha das figuras importantes do club na súa función de xerente.

Polo tanto, e á falta da entrada no Consello de Administración dos representantes procedentes do Concello de Ourense, podemos deseñar xa a liña base da estrutura profesional que teremos na nosa aventura en ACB. De esta forma, por debaixo do presidente haberá un responsable en cada área: deportiva (Julio César Vázquez), marketing e comunicación (Germán Rodríguez-Sáa), económica (César Fernández – xerente-) e estrutural (José Domarco), con labor importante dos outros membros en áreas máis globais do club.

Estrutura interna

Tan importante como o crecemento do Consello de Administración foi o crecemento que nos últimos meses se produciu nas oficinas do club, en definitiva, o crecemento interno que, desde o verán, se produciu na estrutura do Club Ourense Baloncesto. Desta forma, incorporouse un xerente profesional e aumentouse o número de traballadores en oficina, recuperando a xente con dilatada experiencia como Charo Valado e crecendo desde a marca Ourense. Isto levou consigo unha maior profesionalización e división de





funcións, o que permite que a día de hoxe o Club Ourense Baloncesto funcione nunha orde estrutura de nivel ACB. Melloras como a tenda online, a nova web adaptada a todo tipo de formatos electrónicos ou a mellora na interactividade e promoción nas redes sociais son outros exemplos do crecemento que se deu neste difícil ano.

→ Creceamento en canteira

Paralelamente á estrutura de club profesional, cabe destacar ademais o crecemento na estrutura de canteira, da que daremos conta nun punto posterior. Este ano contamos cun equipo EBA e infantil e reafirmáronse os acordos de colaboración con ABO, Pabellón Feminino e diferentes escolas deportivas e colexios da cidade. Aumentáronse os equipos e, con elo, os adestradores e nenos que xogan baixo a marca COB-ABO, superando hogano os 250 nenos no proxecto.

Orden interno

Sen dúbida, esta división de funcións, aumento de membros na Xunta Directiva e aumento de traballadores trouxo consigo unha maior división de tarefas e un importante crecemento transversal, o que permitiu que hoxe existan varias melloras e avances tanxibles. Son os seguintes:

- A) **Cambios estruturais:** posiblemente un dos maiores cambios a nivel operativo se atope en que remodelamos practicamente por completo as oficinas de traballo. Dito doutro modo, reestruturamos o espazo para adaptalo ás novas necesidades. Con elo, cambiáronse ademais os equipos informáticos, telefónicos e de sistemas, de forma que un club ACB teña material de traballo ACB.
- B) **Cambios no software:** aínda que neste pasado ano só fose visible para a prensa e quizais nos últimos partidos para o público en xeral, o Club Ourense Baloncesto adaptouse nesta tempada que acaba de rematar o novo sistema de control de entradas e accesos obrigatorio na liga ACB. Xa temos o novo software para os abonos e entradas do ano que vén e moi pronto poderase activar a venta de abonos e entradas online.
- C) **Economía de club:** podemos dicir que neste pasado ano se avanzou austeramente segundo as previsións do verán, coa importante noticia de que o club depositou as contas do ano anterior no Rexistro Mercantil, saíndo por primeira vez tras máis de dez anos de causa de disolución. Con elo, hoxe en día o Club Ourense Baloncesto cumpre o 100% das condicións que a ACB esixe no seu informe para ser membro oficial da súa liga.





D) Avances no patrocinio: creado desde xaneiro o dossier de patrocinio para o próximo ano, realizamos xa un estudo de mercado e trazamos as liñas clave dun aspecto que debe ser chave este próximo ano: a busca de patrocinadores para un proxecto ACB. Con este dossier, deseñado e concretado, comezouse xa a traballar neste aspecto con bastante éxito a todo isto.

Importante neste aspecto foi a Copa de Rey de A Coruña onde Ourense foi invitado pola ACB, pois puidéronse establecer contactos con empresas con interese en Ourense, o baloncesto e, en definitiva, o noso club.

E) Fortalecemento da estrutura deportiva: relacionado co explicado xa no punto onde se contou o funcionamento do Consello de Administración, cabe destacar que nestes últimos meses se solidificou a estrutura deportiva coa incorporación no equipo de traballo de Julio César Vázquez. Deste modo, á gran labor demostrada polo adestrador Gonzalo García de Vitoria e o seu equipo de axudantes, únese a presenza dunha figura institucional que liberará ao adestrador dalgunhas labores, conseguindo coa súa experiencia e coñecemento profesionalizar máis o club.

F) Inscripción en ACB e situación con ABANCA: como xa é sabido en detalle, o traballo constante durante o ano para lograr a mellor operación posible para salvaguardar o futuro do Club Ourense Baloncesto foi labor clave do Consello de Administración, logrando ó final flexibilizar as condicións de ABANCA ata límites máis que razoables para unha operación deste tipo.

CONCLUSIÓN

1. O fortalecemento do Consello de Administración e da estrutura interna do club dotou ó Club Ourense Baloncesto dun organigrama e profesionalización apto para competir en ACB.
2. Os cambios estruturais levados a cabo nas oficinas, a compra de novos sistemas de software e a os avances no patrocinio cobren obrigacións precisas de quen compiten na ACB.
3. O fortalecemento das contas do club e o proceso de crédito levado a cabo con ABANCA ocupou, xunto ó ano de LEB Oro en curso, a meirande parte do tempo do Consello de Administración nesta temporada.



3. Promoción do baloncesto na provincia: “Un Ourense Redondo”

Baixo o lema “Un Ourense Redondo” englobase, sen dúbida, a idea que conformará unha das iniciativas máis interesantes do Club Ourense Baloncesto na nova aventura en ACB, isto é, **a expansión do baloncesto na provincia**.

En concreto, a iniciativa estará dedicada á difusión e desenvolvemento do baloncesto, sobre todo, nas localidades ourensás onde os cativos máis difícil teñen o contacto co noso deporte, ben pola inexistencia de clubs locais, ben polas dificultades demográficas ou xeográficas que levan con el ditos lugares.

O proxecto comprende ós nenos e nenas con idades **entre os 6 e 12 anos**, pois **consideramos esta etapa chave na formación e aprendizaxe, a idade ideal para formarse e mellorar como persoa desde a perspectiva do deporte**.

Falamos de impulsar o baloncesto e, á vez, fomentar que os cativos teñan unha vida saudable, unha dobre vía que a consideramos chave para cumprir dous obxectivos fundamentais: a labor social e a expansión provincial, un pilar básico no crecemento como club.





1. Radio de actuación provincial

Un detalle importante e que é prioridade de “Un Ourense Redondo” é que **os centros e concellos que polas súas singularidades teñen menos medios serán os primeiros ós que o Club Ourense Baloncesto se acerque nesta iniciativa.**

Concretamente, centraríamos nos CEIP, CEP, CRA e CIP de 10 comarcas da nosa provincia, deixando á propia comarca de Ourense, por considerala preta á cidade e parte do noso proxecto de canteira, fóra deste programa. Polo tanto, falamos de 66 centros escolares cun máximo de alumnos por centro de 50 e unha media de alumnos netamente inferior para poder personalizar no trato, **chegando á conclusión de que uns 2.000 rapaces entrarán en contacto coa nosa iniciativa de achegar o baloncesto ós seus colexios.**

Polo miúdo, estas serían as 10 comarcas (cunha media de 7 colexios por comarca) representadas no ideario da iniciativa: Ribadavia (Arnoia, Avión, etc.), O Carballiño (San Amaro, Beariz, etc.), O Barco de Valdeorras (O Bolo, A Rúa, etc.), Xinzo de Limia (Sandiás, Os Blancos, etc.), Celanova (Gomesende, A Merca, A Bola, etc.), Verín (Riós, Oímbra, etc.), Lobios (Bande, Entrimo, etc.). Castro Caldelas (Montederramo, Parada de Sil, etc.), Viana do Bolo (A Gudiña, A Mezquita, etc.) e A Pobra de Trives (Manzaneda, San Xoán de Río, etc).

Atopamos un problema xeral ao longo da provincia xa que a maioría de lugares da descrición anterior teñen dificultades para chegar ás actividades que se ofertan nas vilas cabeza de comarca. Por exemplo, por moito que haxa un equipo de baloncesto en Ribadavia, os rapaces de Avión, Arnoia, Beade, Cenlle ou Leiro teñen complicacións, ben por distancia, falta de tempo ou incluso de recursos económicos de ir á vila a practicar deporte. Nas propias aldeas, ademais, é imposible tamén que o practiquen: ben faltan instalacións e infraestruturas, ben hai poucos rapaces, ben non hai recursos económicos para contratar persoal e organizar actividades.

2. Que proxecto ofrecemos?

Acudir a cada Centro Escolar ou Concello, e ofrecer unha organización de actividades adaptada a:

- a. Número de nenos e nenas.
- b. Horarios lectivos, de recreo, comedor, etc.
- c. Instalacións e medios que hai en casa caso.





O ideal de contacto será de, como mínimo, unha vez cada tres semanas, tentando lograr como obxectivo que os xoves de cada lugar consigan aprender nestas premisas:

- a. Iniciación no baloncesto e disfrute na competición.
- b. Cultura e valores de equipo (cooperación, integración, esforzo, etc).
- c. Hábitos saudables do exercicio físico.

3. Modelo de “competición”

Para lograr a diversión dos cativos o modelo elixido para levar a cabo as actividades será o de “competición”. Para elo traballárase tipo concentracións, co ideal de facer un mínimo de unha ao mes con cada centro que participe na iniciativa. A competición será interna entre os asistentes á actividade coa fin de fomentar a interacción, iso si, sempre evitando a confrontación entre os cativos facéndolles que aprendan que o respecto é o principal por riba da vitoria e a derrota.

4. Desfrutar do deporte profesional

Como última meta do proxecto aparece a idea de expandir a marca do Club Ourense Baloncesto na provincia, chegando a aqueles nenos da provincia que, por diversos condicionantes, non teñen contacto co deporte profesional. Para moitos nenos e nenas, que polos seus medios económicos ou de loxística non poden acudir a estes eventos deportivos, o noso club comprométese a acercarlles a idea do proxecto e fomentar neles a idea do baloncesto como nexo de grupo.

5. Promoción en Concellos

Xunto á idea da promoción do baloncesto na provincia coa iniciativa de “Un Ourense Redondo”, outra das ideas principais do club desde este verán é a promoción nas vilas e aldeas da provincia da nosa idea, propiciando que á vez que os rapaces se divirten practicando deporte, os maiores coñezan tamén o noso club e poidan vir xunto ós cativos ó espectáculo de primeiro nivel que esperamos sexa o Club Ourense Baloncesto na súa participación na liga ACB.





CONCLUSIÓN

1. A idea principal de “Un Ourense Redondo” é a de chegar o baloncesto na provincia a aqueles que teñen máis difícil chegar a el, fomentando os valores da vida san e do deporte como parte fundamental na formación das persoas.
2. Con esta proposta intentaremos que as limitacións xeográficas, demográficas e económicas non sexan impedimento para que os cativos practiquen deporte “competitivo” cos seus compañeiros á vez que adquiren unha importante educación en valores.
3. Cun proxecto adaptado ó número de nenos, instalacións e horarios de cada lugar, “Un Ourense Redondo” intentará chegar a 66 concellos e centros da provincia, permitindo así a un número moi elevado de nenos desfrutar da práctica do deporte en grupo.





4. Proxecto de canteira: Club Ourense Baloncesto

A próxima tempada, o Club Ourense Baloncesto afronta o que será o seu terceiro ano do proxecto de canteira baixo a coordinación de Juan Norat. Desde o inicio, os obxectivos fundamentais deste proxecto establécense no medio-longo prazo e son os seguintes: o primeiro e fundamental é **facer que cada vez máis nenos e nenas xoguen ó baloncesto, que o fagan coas pautas necesarias para formarse e, por último, lograr nun futuro que nenos ourensáns xoguen no primeiro equipo**. No seu defecto, que alcancen o seu máximo rendemento como deportistas, tanto no plano persoal como no deportivo.

Para isto é importantísima a formación e o traballo enfocado directamente na formación dos xogadores, antepondo iso por riba dos intereses colectivos. Nas etapas de aprendizaxe, a formación tanto en valores como no propio eido do deporte é o máis importante e a base do éxito futuro da idea de club.

Para fomentar que o nivel deportivo do club creza, considérase necesario implantar unha política de becas, que permita traer de fóra rapaces con interese e talento para o baloncesto e con condicións (altura, técnica, coordinación) que non haxa aquí, permitindo que co traballo os nosos rapaces cheguen un día a lograr ese nivel potenciando este crecemento ao adestrar cada día contra eses xogadores de nivel superior.

Estrutura de club

Actualmente, o Club Ourense Baloncesto conta, por baixo do primeiro equipo, que disputará a súa próxima temporada na liga ACB, coa seguinte estrutura:

- **Equipo filial en liga EBA:** cunha media de 19.8 anos de idade, este ano pasado o equipo foi o máis novo do 80 participantes nesta competición. Compite contra equipos galegos, asturianos e leoneses, e acaba de rematar no seu debut nunha meritoria 6ª posición. Ten unha maioría de xogadores de Ourense e serve, tanto para reforzar ó primeiro equipo de forma habitual durante a temporada, como para dar cabida ós xogadores *junior* crecidos no propio club. Este ano cinco xogadores nados en 1999 debutaron co equipo, xogando tres deles de xeito habitual.
- **Equipo junior:** cun 90% de rapaces ourensáns, creceron nesta temporada desde ascender á 1ª División galega en setembro ata terminar na terceira posición



ligueira final, quedando a un paso de disputar o Campionato de España de clubs. Serve de formación para rapaces junior e cadetes.

- **Equipo cadete:** participa na 2ª División Cadete e conta cun 100% de rapaces ourensáns. Conta habitualmente con rapaces de categoría infantil.
- **Equipo infantil:** é o equipo de categoría de formación máis baixo que compite baixo a marca COB. De nova creación esta temporada, disputou a 2ª División da súa categoría.
- **Equipo alevín:** equipo que nacerá na próxima temporada baixo a marca COB, pois ese ano competiu só como ABO, un club vinculado do Club Ourense Baloncesto pero que compite baixo a estrutura e normas do noso club, en total consonancia co noso proxecto de canteira.

A maiores destes equipos, esta relación co ABO permite sumar á lista un equipo junior, outro cadete, outro infantil, dous alevíns e dous benxamíns, ao que habería que sumar os clubs do Pabellón Feminino, que esta temporada pasada tamén asinou un acordo de vinculación co Club Ourense Baloncesto polo cal as nenas que queiran xogar ó baloncesto poidan facelo alí se así o desexan.





Por último, as vinculacións do Club Ourense Baloncesto chegan tamén ás escolas, pois este ano pasado posuímos ata tres centros de formación dos máis cativos: a escola do Pazo, a de Remedios e a de Otero Pedrayo; ás que deberíamos engadir o traballo que se realiza coas escolas de Josefinas, Padre Féijoo e Curros Enríquez. Con todo, **a estrutura actual do Club Ourense supera os 350 rapaces, se ben as ideas futuras (como veremos a continuación) esperan que sexan máis.**

Para o traballo, o club dispón, ó igual que o primeiro equipo, das instalacións do Pazo Paco Paz, á vez que polo medio do ABO se pode dispoñer de Remedios, Otero Pedrayo e as pistas da Universidade.

2. Crecemento futuro

Sen ningún tipo de dúbida, o exemplo máis claro de crecemento será, nos anos próximos, asentar o proxecto do canteira se os equipos seguen competindo como o fixeron este ano. A razón competitiva, á vez que formativa, nos equipos filial e junior é necesaria para que os xogadores progresen e dean o mellor de si. Para elo, ten que ser idea crecer en nivel, becando incluso a algún xogador que permita manter o nivel competitivo e, á vez, mellorar os rexistros dos rapaces ourensanos para que con maior nivel de adestramento progresen máis e mellor.

Sen embargo, a razón máis importante do crecemento da canteira do Club Ourense Baloncesto non son os equipos de maior idade senón todo o contrario. A idea fundamental debe ser crecer desde a base, e para iso a idea está clara: **tecer unha rede de alianzas cos clubs para que saiban que, no momento que algún rapaz da provincia teña un nivel co que xa non poida progresar máis cos seus compañeiros, poderá ter un referente ACB no Club Ourense Baloncesto.**

Sen dúbida, esta rede de alianzas cos clubs existentes tanto na cidade de Ourense (Bosco Salesianos, CB Blanco-Amor, Maristas, etc.) como na provincia (CB Barco, CB Allariz, Maside, etc.) conforma a base de crecemento clave do baloncesto ourensán no seu máximo apoxeo, pois ben enfocada constitúe unha potencial masa social nova do club e, á vez, un viveiro de talentos se os rapaces vén ó Club Ourense Baloncesto como meta.

Para isto, a labor formativa debe ser constante cos clubs da provincia, podendo facerse dalgúns xeitos diversos que indicamos a continuación, se ben poden ser máis:

- Realización de campus de tecnificación.
- Xornadas de formación.
- Xornadas de convivencia.





- Charlas.
- Acceso a adestramentos do Club Ourense Baloncesto.

Levando isto a cabo, **o obxectivo de ser un equipo referente da formación na máxima categoría estará un pouquiño máis preto**. Os nenos son o futuro e o Club Ourense Baloncesto tamén o é.

CONCLUSIÓN

1. O crecemento dos equipos filial e junior baixo unha chave de xogadores ourensáns e moi novos fala máis que ben da formación, en baloncesto e valores, que se está a realizar no club.
2. A día de hoxe a estrutura do COB-ABO supera os 350 rapaces, se ben o obxectivo do club é tecer lazos co resto de clubs de Ourense para que esta rede de xoves ourensanos sexa cada vez máis grande.
3. Para o funcionamento desta rede de clubs, é totalmente necesaria a implicación dos membros do Club Ourense Baloncesto, realizando visitas e actividades de xeito periódico cos equipos presentes na rede. Só así se logrará que o COB sexa un referente de formación en máxima categoría.

